

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Bóveda no sentido de que a administración debe resolver os recursos presentados nos prazos que dispón a lexislación

Expediente: A.4.Q/9638/22

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por Dona XXX, con data do 20 de outubro de 2022, pola falta de resolución por parte dese concello do recurso de reposición interposto con data do 25 de agosto de 2022, contra a resolución da Directora do Obradoiro de Emprego de Bóveda do 29 de xullo de 2022, dictada no procedemento seguido para proceder ao desconto na nómina de dona XXXX dun día pola falta de asistencia ao traballo ao considerar que non era un permiso retribuído.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, solicitando información ao Concello de Bóveda con data do 27 de outubro de 2022.

SEGUNDO.- Con data do 5 de xaneiro de 2022, o Concello de Bóveda achega o informe solicitado.

Neste informe, se fai constar que o recurso de reposición presentado pola interesada contra a resolución da Directora do Obradoiro de Emprego de Bóveda do 29 de xullo de 2022, ditada no expediente de referencia, está pendente de resolver.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 7/1958, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

1. Contra los actos y acuerdos de las Entidades locales que pongan fin a la vía administrativa, los interesados podrán ejercer las acciones que procedan ante la jurisdicción competente, pudiendo no obstante interponer con carácter previo y potestativo recurso de reposición.

2. Ponen fin a la vía administrativa las resoluciones de los siguientes órganos y autoridades:

- a) Las del Pleno, los Alcaldes o Presidentes y las Juntas de Gobierno, salvo en los casos excepcionales en que una ley sectorial requiera la aprobación ulterior de la Administración del Estado o de la comunidad autónoma, o cuando proceda recurso ante éstas en los supuestos del artículo 27.2.
- b) Las de autoridades y órganos inferiores en los casos que resuelvan por delegación del Alcalde, del Presidente o de otro órgano cuyas resoluciones pongan fin a la vía administrativa.
- c) Las de cualquier otra autoridad u órgano cuando así lo establezca una disposición legal.

SEGUNDA.- O recurso de reposición é un recurso potestativo que se pode interpor, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas contra actos que non teñan adquirido firmeza, e sobre a base de calquera motivo de desconformidade co acto recorrido, e que debe resolverse no prazo dun mes, de acordo co disposto no artigo 124.2 da Lei 39/2015.

No presente caso, o recurso se interpuxo con data do 25 de agosto de 2022, sen terse resolto o mesmo.

CUARTA.- De conformidade co establecido no artigo 103 da Constitución Española e no artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a Administración Pública debe servir con obxectividade os intereses xerais e actuar con sometemento pleno á Lei e ao Dereito, polo que que, aínda tendo en conta as dificultades técnicas e prácticas ás que poida enfrontarse o Concello de Bóveda para facer fronte ao exercicio das súas competencias, non pode ser óbice para a inobservancia da tramitación dos expedientes nos prazos legalmente establecidos, polo que débese por parte dese Concello, resolver o recurso de reposición respectando o disposto no artigo 71.2 da Lei 39/2015, coa maior celeridade posible.

De acordo co anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Bóveda, o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo citada, débese polo Concello de Bóveda realizar as actuacións administrativas que correspondan para a resolución do recurso de reposición presentado contra a resolución do expediente iniciado pola Directora do Obradoiro de Emprego de Bóveda.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da



aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo